



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN CULTURAL  
PADROADO DO MUSEO ETNOLÓXICO DA LIMIA.  
(VILAR DE SANTOS. OURENSE)**

---

**CAPÍTULO PRIMEIRO**

**CONSTITUCIÓN, DENOMINACIÓN, FINS, NATUREZA E DURACIÓN**

Artigo 1º.- A entidade denominada asociación cultural PADROADO DO MUSEO ETNOLÓXICO DA LIMIA, con número de inscrición 1.101 no Rexistro Provincial de asociacións sen ánimo de lucro e CIF G32157075, rexerese polos presentes estatutos, pola *Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que poida serlle de aplicación.*

Artigo 2º.- Os fins desta asociación serán a investigación, estudo, difusión, conservación, defensa e promoción da cultura galega en xeral e do patrimonio da comarca da Limia, en particular. A asociación carece de ánimo de lucro.

Artigo 3º.- Para o cumprimento dos fins do artigo anterior, a Asociación organizará as seguintes actividades:

- a. Rexer tódalas actividades de investigación, difusión e conservación que se leven a cabo no Museo Etnográfico da Limia de titularidade municipal (Concello de Vilar de Santos), así como xestionar o normal funcionamento da institución.
- b. Promover a formación dos profesionais no ámbito da museoloxía, antropoloxía, etnografía, artesanía, etc, en definitiva, todas aquelas materias que teñan relación coa cultura, en especial, coa galega.
- c. Elaborar e coordinar unha programación estable de actividades culturais no Museo, así como desenvolver todas aquelas actividades dirixidas a cubrir as demandas e necesidades culturais dos asociados.
- d. Protexer o patrimonio artístico e cultural, en especial o referente á comarca da Limia.
- e. Propiciar o intercambio de información e experiencias, a cooperación técnica e o empréstito de fondos co resto de institucións museísticas galegas.
- f. Promoción e desenvolvemento da biblioteca do Museo e da *Biblioteca da Limia*, con sede no Museo.
- g. En xeral, todos aqueles fins concordantes cos que establece a lexislación vixente na materia para os museos e coleccións visitables de Galicia.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.



Artigo 4º.- O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade de *Vilar de Santos, R/ Celanova, 63*, podendo ser trasladado por decisión da Asemblea Xeral, cumprindo os trámites legais que prevé a Lei. Para os efectos de comunicacións e notificacións· sinálase como preferente o seguinte enderezo: *R/Celanova, 63. 32650 – Vilar de Santos (Ourense)*.

Artigo 5º.- 1. A Asociación en función dos seus fins e da situación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades nun ámbito territorial comarcal (A Limia), e terá personalidade xurídica desde a súa inscrición no Rexistro legal correspondente.

2. O idioma propio da Asociación é o galego.

Artigo 6º.- 1. A duración desta Asociación será por tempo ilimitado, podendo ingresar nela novos socios ou causar baixa os antigos sen necesidade de nova constitución, e só se disolverá pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polos causas previstas na lexislación vixente.

2. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e no resto do ordenamento xurídico.

## **CAPÍTULO SEGUNDO**

### **DEREITOS E DEBERES DOS ASOCIADOS**

Artigo 7º.- Poderán ser membros da Asociación calquera persoa física con capacidade de obrar en maioría de idade, ou xurídica que o solicite á Xunta Directiva, sempre que non teña débedas pendentes coa Asociación e cumpran os seguintes requisitos:

- a. Ter interese e comprometerse nos fins primordiais da Asociación, así como na participación nas súas actividades.
- b. Formalizar a integración na Asociación por medio da solicitude de incorporación, presentando o certificado de acordo adoptado polo respectivo órgano reitor.

Artigo 8º.- Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados:

- a) Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b) Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
- c) Honorarios, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito excepcional ao desenvolvemento dos fins da asociación.
- d) Amigos, aquelas persoas que, malia non ser socios numerarios, a xuízo da Xunta Directiva, axuden de xeito notable ao desenvolvemento dos fins da asociación. En todo caso terán esta consideración as persoas doantes de material etnográfico e aquelas outras que formen parte do Consello Asesor ou que sexan guías veciñais.

Artigo 9º.- Os socios teñen os seguintes dereitos:



1. Tomar parte nas Asembleas Xerais con voz e voto, así como participar nas actividades da asociación.
2. Poder ser electores e elixidos para cargos directivos.
3. Ofrecer suxestións ou iniciativas á Xunta Directiva, levar propostas á Asemblea Xeral e ser oídos con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra eles.
4. Gozar de tódolos beneficios e servizos que a Asociación poida facilitarlles.
5. Gozar de tódolos dereitos que, como membro da Asociación, lle corresponden por imperativo legal.
6. Ter copia destes estatutos, se así o solicitasen, e ser informados da composición da Xunta Directiva.
7. Recibir información sobre os acordos adoptados, así como sobre o estado de contas, ingresos e gastos da asociación tódolos anos.
8. Enxeral, intervir no desenvolvemento da Asociación.

Artigo 10º.- Son obrigas dos socios:

1. Acatar os Estatutos, os acordos que se establezan en Asemblea Xeral e as directrices que marque a Xunta Directiva para o que teña competencia.
2. Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
3. Asistir ás Asembleas Xerais e ás xuntanzas convocadas polo Xunta Directiva das que teña competencia.
4. Aboar as cotas nos prazos regulamentarios.
5. Colaborar coa Asociación prestándolle a asistencia posible a prol dos intereses comúns, a favor dos asociados.
6. Observar unha boa conduta individual e cívica.

Artigo 11º.- Os asociados/as honorarios non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta, pero están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz pero sen voto.

Artigo 12º.- Os acordos de admisión de asociados tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición.

Artigo 13º.- A condición de socio perderase por:

1. Por falta de pago das cotas.
2. Por baixa voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
3. Por observar mala conduta, ou prexudicar gravemente os intereses da Asociación.

Artigo 14º.- O acordo da separación por sanción grave será tomado pola Xunta Directiva,



previa audiencia do interesado, e ratificado en Asemblea Xeral. Cando a baixa se produza por vontade dun asociado, este deberá realizar a petición por escrito e aboar tódalas cotas pendentes.

Artigo 15º.- Os asociados poderán pedir a separación temporal por escrito. A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado, cando se estea a tramitar un expediente sancionador ou concorran causas xustificadas, como o atraso no pagamento das cotas ou comportamentos que afecten á boa marcha dos fins da asociación. O expediente sancionador recollerase no regulamento de réxime interno.

### **CAPÍTULO TERCEIRO**

#### **ORGANOS DA ASOCIACIÓN**

Artigo 16º.- A dirección e administración da asociación serán exercidas polo presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

##### ***A) DO PRESIDENTE***

Artigo 17º.- O Presidente da asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados polo Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, convocando e presidindo as sesións.

O Presidente será designado polo Asemblea Xeral, e o seu mandato durará catro ano, podendo ser reelixido se así o decide a Asemblea Xeral.

##### ***B) DA XUNTA DIRECTIVA***

Artigo 18º.- A Xunta Directiva é o órgano executivo e xestor da Asociación. Estará integrada por un Presidente de Honra, un Presidente, un Vicepresidente, un Coordinador, un Secretario, un Tesoureiro, e un máximo de tres vogais, podendo non elixirse ningún.

Artigo 19º.- Os cargos da Xunta Directiva terán a duración de catro anos, podendo ser reelixidos os seus membros ao finalizar o seu mandato. As eleccións polo sistema de votación levaranse a cabo en Asemblea Xeral Ordinaria. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas e deberán carecer de interese económico os da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.

Artigo 20º.- Son facultades da Xunta Directiva, a xestión e dirección da Asociación entre Asembleas Xerais, programar e dirixir as actividades asociativas, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Asemade, procederá a convocar e fixar a data da Asemblea Xeral, fixar as cotas, designar as comisións de traballo ou seccións, ditar normas interiores de organización e exercer cantas



funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.

Artigo 21º.- Reunirase unha vez cada tres meses, con carácter obrigatorio, e cantas veces a convoke o Presidente por si ou polo maioría da directiva, con carácter facultativo. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente ou o Secretario, por esta orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta Directiva que teña máis idade.

Os acordos da Xunta Directiva tomaranse por maioría simple e, para ser válidos, requirirán a presenza da metade máis un dos socios. En caso de empate, decidirá o voto do Presidente.

O Secretario ou, no seu defecto, o Vicepresidente levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

As vacantes que puideran producirse na Xunta, cubriranse provisionalmente por designación da Xunta Directiva, ata a vindeira Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 22º.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír co fin de delegar neles a preparación de determinados actos ou actividades ou de acadar destes as informacións necesarias. Formarán parte das ditas comisións o número de vocais que acorde a Xunta Directiva.

### ***C) DA ASEMBLEA XERAL***

Artigo 23º.- A Asemblea Xeral de socios é o órgano de expresión da vontade da Asociación. Estará formada por tódolos membros da mesma. O Presidente e o Secretario das Asembleas serán os mesmas que os da Xunta Directiva.

Artigo 24º.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios.

Artigo 25º.- A Asemblea Xeral Ordinaria reunirase necesariamente dentro do último trimestre de cada ano. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas cun mínimo de oito días de antelación polo Presidente.

Artigo 26º.- Serán facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aprobar a acta da reunión anterior, así como o exame e aprobación das cantas e balances anuais.
2. Decidir sobre a aplicación concreta dos fondos dispoñibles.
3. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
4. Examinar e aprobar o plan e a memoria de actividades.
5. Aprobar as cotas, a proposta da xunta directiva.
6. As demais que resulten dos Estatutos e non están expresamente atribuídas á Asemblea Xeral Extraordinaria ou á Xunta Directiva.



Artigo 27º.- Serán facultades da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Solicitar a modificación dos estatutos da Asociación.
2. Elixir os membros da Xunta Directiva.
3. Aprobado a posible federación ou integración con outras asociacións.
4. Acordar a disolución da Asociación e designar os liquidadores.
5. Autorizar o alleamento, gravame e hipoteca de bens sociais.
6. Ratificar a expulsión de asociados, a proposta da Xunta Directiva.
7. As que sendo de competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar á súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
8. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 28º.- As Asembleas, tanto Ordinarias como Extraordinarias, integraranse polos socios asistentes sempre que conorra a metade máis un do total de asociados, en primeira convocatoria, ou en calquera número en segunda convocatoria, transcorrido un tempo máximo de 24 horas.

Artigo 29º.- Os acordos adoptados, tanto nas Asembleas Ordinarias como nas Extraordinarias, deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes, levándoos a continuación ao libro de actas que asinarán o Presidente e o Secretario. A acta deberá ser lida na seguinte asemblea xeral ordinaria e aprobada por maioría. Tódolos asociados teñen dereito a consultar os acordos no libro de actas.

Artigo 30º.- Tódolos acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores, obrigarán a tódolos socios, incluso os non asistentes.

As sesións abranse cando así o determine o Presidente, seguidamente, procederase por parte do Secretario á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente, o Secretario procederá a introducir a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose á aprobación nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día procederase, se a Presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% dos asociados, a facer unha quenda de rogos e preguntas e á adopción de acordos. Concluída esta quenda o Presidente levantará a sesión.

Artigo 31º.- Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Artigo 32º.- Serán facultades do Presidente:

1. Ostentar a representación legal, administración, dirección e xestión da Asociación.



2. Presidir e convocar coa Xunta Directiva as reunións das Asembleas.
3. Decidir en caso de empate co seu voto.
4. Propor o plan de actividades á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
5. Ordenar os pagamentos acordados validamente.
6. Asinar as actas, certificados, pagos e outros documentos da asociación xunto co Secretario ou membro da Xunta Directiva que corresponda.
4. Cumprir e facer cumprir os acordos tomados polo Xunta Directiva e pola Asemblea Xeral.

Artigo 33º.- Son facultades do Vicepresidente:

1. Substituír ao Presidente en caso de ausencia, enfermidade ou por delegación súa.

Artigo 34º.- Son facultades do Coordinador:

1. Coordinar o funcionamento e as actividades do museo.
2. Exercer as competencias que lle delegue o Presidente ou calquera outro membro da Xunta Directiva, dentro das súas facultades.

Artigo 35º.- Corresponde ao Secretario:

1. Custodiar e levar os libros de actas e de socios, documentos e selos da Asociación.
2. Levar o rexistro e ficheiros.
3. Estender as actas das reunións, expedir certificacións das mesmas co Visto e Prace do Presidente.
4. Notificar as convocatorias.
5. Levar o inventario de bens da Asociación nun libro das funcións administrativas da Asociación.

Artigo 36º.- Son facultades do Tesoureiro:

1. Custodiar os fondos da Asociación e levar en orde os libros de contabilidade, de gastos e ingresos e cobro de cotas. Os libros estarán a disposición dos socios para a súa consulta.
2. Preparar os balances anuais e presupostos da Asociación para a súa aprobación polo Asemblea.
3. Intervir coa súa firma en tódolos documentos de cobro e pago co conforme do Presidente.
4. En xeral, terá ao seu cargo o funcionamento económico da Asociación.

Artigo 37º.- Son funcións dos Vogais:

1. Formar parte da Xunta Directiva con voz e voto, realizando programas e propostas na súa área de actuación.
2. Executar os mandatos ou realización de programas que lle encomende a Xunta Directiva ou a



Asemblea.

#### ***D) DO PRESIDENTE DE HONRA***

Artigo 38º.- O Presidente de Honra exercerá a representación institucional da entidade asociativa en todos os actos. Así mesmo, cando asista, presidirá as reunións da Xunta Directiva con voz e sen voto; e tamén a Asemblea Xeral con voz e sen voto, salvo que for socio.

#### ***E) DO CONSELLO ASESOR***

Artigo 39º.- O Consello Asesor, sen límite numérico, cuxos membros serán libremente nomeados ou cesados pola Xunta Directiva, terá funcións de estudo e proposta das liñas de actuación e dos programas da Asociación.

As persoas que forman parte da Xunta Directiva serán membros natos do Consello Asesor.

Correspóndelle ao Presidente da Xunta Directiva, asistido polo Coordinador, organizar e presidir as reunións do Consello Asesor.

#### ***F) DOS GUÍAS VECIÑAIS***

Artigo 40º.- Son guías veciñais aquelas persoas que posúen coñecementos relacionados co material exposto nas salas e, de xeito voluntario, colaboran na divulgación dos seus contidos e significado entre os visitantes.

### **CAPÍTULO CUARTO**

#### **RECURSOS ECONÓMICOS**

Artigo 41º.- A Asociación, no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de 60 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 42º.- A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O Tesoureiro da Asociación elaborará o borrador de orzamento polo que deberá telo preparado antes de finalizar o ano, a fin de que poda ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 43º.- A Asociación contará, para o cumprimento dos seus fins, cos seguintes recursos económicos:

- a) As cotas obrigatorias dos socios.
- b) Os donativos, axudas e subvencións que reciba.
- c) Os ingresos que poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.
- d) Outros ingresos excepcionais permitidos pola lexislación vixente para actividades non lucrativas.





Artigo 44º.- A cota obrigatoria de asociado terá carácter anual e establecerase pola Asemblea a proposta da Xunta Directiva. Non será reintegrable en ningún caso, e adicarase a atender as necesidades da Asociación.

Artigo 45º.- Anualmente e denantes da Asemblea Xeral Ordinaria formularanse as contas anuais, balances e orzamentos previstos, que se porán a disposición dos socios, durante un prazo non inferior a 15 días, para poder ser aprobados antes da súa aprobación ou censura.

Artigo 46º.- Anualmente, no tempo que establece o artigo 25, será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 47º.- A facultade de dispor do patrimonio da Asociación corresponde á Asemblea Xeral. A súa administración, conforme ao establecido nos orzamentos anuais, corresponde á Xunta Directiva. Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos os recursos obtidos pola Asociación, entre os asociados.

Artigo 48º.- Os fondos sociais serán depositados en establecemento de banca privada ou caixa de aforros e non se destinarán a fins distintos dos da Asociación.

Para disposición de fondos das entidades bancarias, onde a Asociación teña depositados os mesmos, deberá ter recoñecida a sinatura do Presidente e do Tesoureiro.

## **CAPÍTULO QUINTO**

### **DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

Artigo 49º.- O regulamento de réxime interno, se é o caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nestes. En todo caso, o funcionamento interno da Asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

## **CAPÍTULO SEXTO**

### **REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

Artigo 50º.- Para a modificación dos Estatutos, será preciso o acordo da Asemblea Xeral, convocada con carácter Extraordinario, a proposta da Xunta Directiva ou 1/4 dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria, estará acompañada do texto coas modificacións propostas, establecéndose un prazo de 7 días para que calquera socio poida dirixir ao Secretario as propostas e emendas que estime oportunas.

Artigo 51º.- Para ser aprobada a reforma dos estatutos será necesaria a votación das 2/3 partes dos socios presentes sempre que sexan a metade máis un da totalidade de asociados.



Artigo 52º.- A Asociación disolverase polas causas seguintes:

1. Por vontade dos socios expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria, acordada polos 2/3 dos mesmos.
2. Por incumprimento dos estatutos ou dos fins para os que foi creada.
3. Por imperativo legal ou sentenza xudicial.

Artigo 53º.- Acordada a disolución voluntaria, a Asemblea Xeral nomeará tres socios liquidadores que, xunto co Presidente e o Tesoureiro, farán a liquidación no prazo máis breve posible, despois de pagar as débedas e cobrar cretos se os houbese.

Artigo 54º.- O líquido activo resultante será invertido en fins benéficos locais ou noutra Asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma, do propio Concello de Vilar de Santos. O xustificante da doazón será presentado no rexistro de asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

Vilar de Santos, 16 de setembro de 2017.